



RESOLUCION DA ALCALDIA

De conformidade coas atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e disposicións de aplicación

RESOLVO

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal que se celebrará na Casa do Concello o martes 16 de febreiro de 2016, ás 20,00 horas, de conformidade coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación das actas das sesións celebradas con datas 11 e 19 de xaneiro de 2016.
- 2.-Dar conta dos decretos e resolucións dictados pola Alcaldía.
- 3.-Dar conta de escrito do grupo municipal ACIP. presentado o 11-02-16 sobre modificación de membros de dito Grupo nas comisións informativas.
- 4.-Proposta de cambio horario das comisións informativas ordinarias para as 8,15 horas.
- 5.-Aprobación do proxecto básico e de execución modificado AMPLIACIÓN E CUBRIBIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA CEIP FERMIN BOUZA BREY, redactado polo arquitecto don Miguel Rodríguez Varela con data febreiro 2016.
- 6.-Proposta do Goberno de aprobación do Convenio de colaboración entre o concello de Ponteareas e as comunidades de montes Veciñais en Man Común de Ponteareas, Arcos, Bugarín e San Lourenzo de Oliveira.
- 7.-Proposta do goberno para adhesión do concello de Ponteareas ao proxecto internacional do Consello Nacional de Investigación "A Cidade dos Nenos".
- 8.- Proposta dos portavoces de todas as forzas políticas da Corporación municipal de Ponteareas para adicar unha rúa a Rogelio Groba Groba, fillo predilecto de Ponteareas.



9.-MOCIONS:

9.a).-Moción presentada polo PP sobre denominación do Parque Forestal situado na rua Trovador Xoan Garcia de Guillade.

9.b).-Moción do BNG do 1-2-16(nº 702)para o cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas.

9.c).-Moción de ACIP do 5-2-16(nº827) instando ao Goberno Central ,á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ó Banco de España a dar unha solución que garanta a restitución da totalidade do diñeiro invertido polas persoas vítimas da mala comercialización de bonos convertibles por parte do Banco Popular.

10-Comparecencias:

10.a).-Solicitude de EU do 9-10-15 solicitando a comparecencia do concelleiro de persoal para que dea explicacións con respecto a si se vai convocar a Mesa Xeral de Negociación para a redacción dun novo convenio colectivo,e outros aspectos.

10.b).-Solicitude do PP do 13-11-15 solicitando a comparecencia da concelleira de Cultura para que dea explicacións sobre a programación do verán 2015.

Mándao e asinao o Sr.Alcalde en Ponteareas a 12 de febreiro de 2016.

O Alcalde.

Xosé Represas Giráldez.-

Ante min Secretaria accidental.

Pilar Rodriguez Dominguez